

**CIG****Boletín  
Sindical**

Nº 70 - 2023

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# Paremos o saqueo!

## Os extraordinarios beneficios dos grandes bancos teñen que reverter no benestar social

Os bancos –xunto coas distribuidoras de alimentación e as enerxéticas– son o máximo expoñente do banquete de beneficios que está tendo o capital á conta de estender a pobreza entre as clases populares. Para denunciar esta situación, a CIG fixo unha ocupación simultánea de oficinas do Banco Santander, BBVA e Abanca nas sete cidades reclamando políticas de intervención pública en sectores estratéxicos e a creación dunha banca pública ao servizo do pobo e dos sectores produtivos.

As continuas subas levaron a que hoxe o prezo do diñeiro estea no tipo máis alto dende 2008 e que o custo medio dunha hipoteca aumentase máis do 15% con respecto a 2021; sendo ademais Galiza un dos tres territorios nos que máis medra ao mes a contía a pagar nos préstamos, até o punto de que o 45% do salario se destina ao pago da hipoteca, cando a recomendación é que non sexa máis do 25-30%. A isto engádese o dato dramático de que no noso país se triplicou o número de persoas sen fogar, e os impagos das hipotecas rexistraron a maior suba desde 2014.

Unha realidade, denuncia o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, que evidencia que os Gobernos están a errar nas súas políticas, permitindo que, coa excusa da inflación, “os bancos e a política monetaria sigan marcando a vida do conxunto do pobo e das clases traballadoras”.

O rescate millonario á banca en 2012 saldouse con durísimo plan de reformas e axustes que aínda continúa. Coa excusa da crise executouse



unha reestruturación e concentración financeira que levou á privatización e malvenda das caixas de aforros galegas. Na actualidade, o sector está dominado por cinco grandes grupos que controlan case o 70% do mercado.

Os beneficios da banca medran de maneira espectacular, batendo récord de ganancias ano tras ano. Só no primeiro semestre de 2023 lograron 12.385 millóns de euros. Boa parte destes cartos irán aos petos dos accionistas, mentres se agrava o peche de oficinas, a perda de servizos á clientela, a exclusión financeira de amplos sectores da sociedade e a destrución de emprego mediante novos ERE.

O ‘código de boas prácticas’ ideado polo Executivo español non resolve en absoluto os problemas das familias para afrontar o aboamento das cotas hipotecarias, en todo caso, matiza Carril, “axuda á capacidade para soportar a morosidade e salvar a conta de resultados dos bancos”. E mentres os prezos dos alugueiros acadan cifras desorbitadas, a Xunta afonda na emerxencia habitacional revisando á alza os prezos máximos da venda e

do alugueiro da vivenda protexida, subíndoos entre 87 e 120 euros/m<sup>2</sup>.

Neste contexto, a CIG reclama a conxelación das cláusulas das hipotecas variábeis e que non se apliquen as revisións á clase traballadora e ás clases populares mentres non baixen os tipos ao mesmo nivel que subiron; a conxelación dos prezos dos alugueiros; e prohibir todos os desafuzamentos de vivendas en marcha, estendendo esta práctica durante 2024 e 2025, tal e como xa demandamos hai máis dun ano.

Así mesmo, a Xunta debe incrementar o parque público de vivendas sociais e facilitar as condicións de acceso para garantir o dereito a unha vivenda digna, especialmente ás persoas vulnerábeis e sen recursos.

Cómpre pois seguir na mobilización para forzar os Gobernos a que actúen de forma implacábel para que estes extraordinarios beneficios revertan no benestar social, no desenvolvemento económico e na creación de emprego digno na nosa terra; e que se establezan impostos suficientes e efectivos para facer fronte a esta carreira de medre imparábel de ganancias do capital.

# Mobilizouse diante das Inspeccións de Traballo

## A CIG reclama accións contundentes para garantir a igualdade salarial

Dentro da campaña “Imos rematar coa fenda salarial”, a secretaria das Mulleres da CIG concentrouse o 26 de setembro diante das catro delegacións provinciais da Inspección de Traballo para denunciar as empresas que non entregaron o rexistro retributivo de 2022 (cando o prazo para a súa entrega expirou no mes de marzo) e exixir do organismo público que obligue a cumprir coa lexislación en materia de igualdade.



“A fenda salarial é a mostra da menor valía que nos concede esta sociedade por sermos mulleres, dificultando a nosa independencia económica e o acceso en igualdade de condicións a bens e servizos”, aseverou a secretaria confederal de Mulleres da CIG, Nicolasa Castro.

Explicou que se presentaron na Inspección case 100 denuncias contra empresas como Pescanova, Finsa, Banco Santander, BBVA, Sociedade Têxtil Lonia, Froiz, Jardanay, Samaín, Sodexo, GTT ou Inelcom, mais tamén administracións locais ou empresas públicas como a CRTVG. Castro acusou a estas empresas de “non ter interese en identificar se o seu sistema salarial é transparente e igualitario, en analizar se retribúen ás persoas en función da súa valía e non polo seu xénero”, imposibilitando así avanzar neste eido pola falta de transparencia.

Pero coas mobilizacións tamén se quere criticar a falta de implicación da Inspección de Traballo á hora de velar polo cumprimento desta normativa e reclamarlle unha verdadeira acción que remate coas discriminacións e atropelos. No mes de xuño, a CIG interpuxo en Vigo case medio cento

de denuncias por esta mesma cuestión e, non obstante, “só recibimos unha resposta”. “Se as empresas son culpábeis, as administracións son as responsábeis de imposibilitar que poidamos rematar coa fenda salarial”, lamentou Castro.

### Persistencia da fenda

A secretaria das Mulleres da CIG advertiu que no ano 2021 (segundo os datos da Axencia Tributaria), en Galiza a diferenza entre os salarios dos homes e os das mulleres era por volta do 19%, de forma que as traballadoras galegas perciben de media polo seu traballo 4.238 euros anuais menos que os seus compañeiros. Nos sectores feminizados, esta diferenza ascende até o 30%, con ingresos medios que apenas superan a metade do SMI. “Se comparamos salarios de sectores feminizados cos de sectores masculinizados, a diferenza acada o 45%”, engadiu.

Esta menor remuneración sitúa as mulleres nunha posición subalterna no mercado de traballo “de xeito que ao accedermos ao emprego, aínda tendo unha maior preparación, réstase valor ao noso traballo. Como resultado,

as condicións das traballadoras son máis precarias, sofren maiores taxas de temporalidade e de contratación parcial e “ocupamos os empregos peor remunerados”.

No mercado laboral aínda prevalece a minusvaloración do traballo das mulleres a través da segregación ocupacional e dos complementos asignados a categorías ou condicións asociadas aos traballos masculinizados. De feito, os soldos dos convenios de sectores e empresas feminizadas son, como media, arredor do 30% inferiores aos salarios dos convenios de sectores masculinizados (máis de 500 euros/mes) e esta diferenza aínda se incrementa cos complementos.

A fenda agrándase a medida que se avanza en idade e cando chega o momento da xubilación xa supera o 34%, “ou dito doutro xeito, as mulleres cobramos de pensión 400 euros menos ao mes”.

Diante desta realidade, a CIG puxo en marcha o pasado mes de maio a campaña “Imos rematar coa fenda salarial” non só para visibilizar as causas que motivan esta discriminación económica senón tamén para dar pasos cara a súa erradicación.



# Folga no ensino o 24 de outubro

## A CIG contra o “acordo da infamia” da Consellaría

A CIG-Enseño convoca folga xeral no ensino, o día 24 de outubro, contra o Acordo presentado pola Consellaría de Educación. Unha proposta que non mellora o horario lectivo; que atrasa a redución das ratios nove cursos en Primaria e sen compromiso de negociar cambios en Secundaria até despois do curso 2026/27; que non contempla nada para FP e ensinanzas de réxime especial, que quedan fóra deste documento, e que tampouco introduce avance significativo ningún para simplificar a carga burocrática que ten o profesorado.

O sindicato rexeitou o documento final da Consellaría, asumido polos demais sindicatos nun proceso de “falsa negociación” co que “literalmente dá un carpetazo á única oportunidade aberta desde a chegada do PP á Xunta de negociar melloras reais nas condicións laborais do profesorado e no sistema educativo e, polo tanto, de revertir os recortes de dereitos que



se levan perpetrando desde hai máis de unha década”, afirma o secretario nacional, Suso Bermello.

Bermello denunciou a entrega dos demais sindicatos e lembrou que “a responsabilidade sindical radica na coherencia do compromiso adquirido co profesorado, e todas as organizacións con representación temos compartido mobilizacións para recuperar dereitos como o do horario lectivo e así figuraba en todos os programas electorais de hai menos dun ano. A CIG-Enseño asume a súa responsabilidade e afirma que se a

porta da negociación se pecha só cabe abrir a da mobilización para forzar a Consellaría a que rectifique coa incorporación no documento de melloras reais nas nosas condicións laborais”.

A CIG-Enseño rexistrou en solitario a convocatoria de folga xeral no ensino público despois de coñecer que os demais sindicatos asumiron a chantaxe da Xunta e traizoaron o profesorado. Por coherencia, por dignidade e para darlle voz e protagonismo a un profesorado farto que loita polos seus dereitos e pola mellora do ensino público galego.

## A limpeza de Lugo irá á folga por un convenio digno

O sector da limpeza de edificios e locais da provincia de Lugo comezará unha folga indefinida a partir do 16 de outubro para reclamar un convenio colectivo digno. As asembleas de traballadoras/es acordaron esta medida ante a falta de avances na negociación e a ausencia de resposta da patronal.

A última reunión da mesa tivo lugar o 27 de xuño, despois da exitosa xornada de folga levada adiante polo colectivo o día 20 de mes. Nesa xuntanza, a parte social modificou a súa plataforma inicial co obxectivo de dar un pulo ás conversas e propiciar un achegamento.

A patronal (encabezada por ASPEL, a asociación estatal que

agrupa as grandes empresas do sector) comprometeuse a estudar a oferta e trasladar unha resposta, pero transcorridos máis de dous meses “seguimos sen ter noticias”.

Asunción Castiñeira, da CIG-Servizos de Lugo, explica que centrais sindicais se puxeron en contacto coa CEL para instar unha resposta, mais sen ningún éxito. Unha actitude que cualifica de burla a todas as traballadoras/es, tendo en conta que as táboas salariais do convenio xa foron superadas polo SMI (o soldo dunha limpadora está 1800 euros por debaixo) e que tan só nos dous últimos anos o persoal perdeu máis dun 12% da súa capacidade adquisitiva.

## Continúa o paro indefinido na limpeza de Correos

As traballadoras/es do servizo de limpeza de Correos veñen de acordar por maioría en asemblea continuar coa folga indefinida que iniciaron o pasado 4 de setembro e ampliar un mes máis as mobilizacións para reclamar o pago dos salarios pendentes e a rescisión do contrato coa empresa concesionaria, JCórdoba.

O persoal da compañía vén desenvolvendo protestas por toda Galiza desde hai meses para denunciar primeiro os continuos atrasos no ingreso das nóminas, e agora xa os impagos, situación da que responsabilizan a dirección de Correos por presentar o concurso á baixa e aceptar a aínda máis baixa proposta desta empresa.

A situación afecta a uns 360 empregados/os de limpeza das dependencias de Correos das catro provincias galegas.





# A CIG denuncia o Estado español no Comité Europeo de Dereitos Sociais

A CIG vén de presentar unha reclamación colectiva perante o Comité Europeo de Dereitos Sociais (CEDS) polo incumprimento do Estado español da contía do salario mínimo interprofesional (SMI). A Carta Social Europea contempla que o SMI sexa do 60% do salario medio. Porén, segundo Eurostat apenas chega ao 50%, o que xa vén denunciando a CIG desde 2019.

A central sindical viña reclamando, desde o ano 2015, que o Estado español se adherise á Carta Social Europea (CSE), algo que por fin se efectivizou en xuño de 2021, cando se subscribiu tanto a CSE, como o Protocolo de Reclamacións Colectivas.

A central sindical presenta agora esta reclamación polo incumprimento do artigo 4.1 da Carta Social Europea, ao non ser suficiente a contía fixada para o SMI, por Real Decreto, en febreiro deste ano, malia no seu propio preámbulo afirmarse que con esa actualización do salario mínimo interprofesional se daba “cabal cumprimento ao disposto polo Comité Europeo de Dereitos Sociais”.

Unha afirmación que o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, considera falaz porque nese R.D. se fixou o SMI en 1.080 euros brutos mensuais en catorce pagas, cantidade claramente inferior ao 60% do salario medio neto español, cuantificado –ese 60%– en 17.016,17€ brutos/ano por Eurostat para o ano 2022.

Estabelecer o SMI 1.215,42€ ao mes, en 14 pagas, suporía, segundo Carril, garantir “un nivel de vida digno para as persoas traballadoras e as

súas familias” e atinxiría, segundo o secretario confederal de Emprego e Industria, Francisco González Sío, a 574.000 traballadoras e traballadores galegos, o 54% das persoas asalariadas en Galiza, con ingresos inferiores ao SMI. Traballadoras e traballadores que “sofren pobreza laboral” e para as que é imprescindible “dignificar a súa situación social e laboral”.

## Datos da Axencia Tributaria

Para facer o cálculo a CIG recorreu sempre aos datos dos módulos salariais que publica a Axencia Tributaria (que cuantifica en 28.301€ o salario medio, o que daría un SMI de 1.212,9€) porque “permiten coñecer de forma máis fidedigna os ingresos reais das e dos traballadores”. Deste xeito, os cálculos da central sindical difiren minimamente dos de Eurostat, que sitúa o SMI, no Estado español, nun 49,36% do salario medio (28.360,29€/ano), polo que debería ser de 1.215,42. Contía que a central sindical proporciona para avalar a súa denuncia perante o Comité.

O CEDS xa instou a España, en múltiples ocasións, a elevar o seu SMI como requisito necesario para

cumprir a Carta, subliñando que a situación actual “non é conforme o que se determina para garantir un nivel de vida digna”; o CES español no seu último informe tamén calcula que o SMI non chega ao 50% do salario medio e a propia UGT acaba de asumir as teses da CIG, ao recoñecer que se incumprir a Carta Social Europea. Posición, esta última, á que Carril deu a benvida e diante da que agarda que “actúe en coherencia, non perpetuando este incumprimento a través do diálogo social”.

## Grupo de expertos

Diante disto, o secretario confederal de Emprego reclama que se mude o método científico empregado para o Estado español facer os cálculos. Cuestiona o “grupo de expertos” que o asesoran, por basear eses cálculos na Enquisa anual de estrutura salarial do INE que “non ten rigor científico” porque é “unha mostra realizada a 220.000 persoas traballadoras en 28.500 centros de traballo, mediante un cuestionario que é cuberto polas propias empresas”, pero sen participación das persoas traballadoras.